

ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA

A Comisión Informativa de Cultura reúne no Pazo provincial ás 12,26 horas do día 16 de decembro de 2022, baixo a Presidencia de: **D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO** e coa asistencia dos seguintes deputados/as: **DONA MARÍA VICTORIA ALONSO MÉNDEZ, DONA ANA MARÍA MEJIAS SACALUGA, D. MANUEL GÓNZALEZ MARTÍNEZ, D. SANTOS HÉCTOR RODRÍGUEZ DÍAZ EN SUBSTITUCIÓN DE D. CARLOS LÓPEZ FONT, D. GORKA GÓMEZ DÍAZ, DONA NOEMÍ OUTEDA PROL, DONA RAQUEL GIRÁLDEZ ARMAS, D. GREGORIO AGÍS GÓMEZ, D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, D. JORGE CUBELA LÓPEZ, D. JOSÉ ALFONSO MARNOTES GONZÁLEZ, DONA MARÍA PAZ LAGO MARTÍNEZ, D. IGNACIO MARIL PARDO, DONA MARÍA ELENA ESTÉVEZ FREIRE, D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS, D. JAVIER TOURÍS ROMERO, DONA MARÍA ORTEGA IÑARREA**, actúa como Secretario D. Antonio Santos Guerra, xefe do Servizo de Cultura da Deputación de Pontevedra.

Aberto o acto pola Presidencia, procédese ó estudo dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose o seguinte acordo:

1.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Non existindo reparo algún, apróbase por unanimidade a acta da sesión do día 18 de novembro de 2022.

2.- DAR CONTA DAS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE ACTUACIÓNS DE GRUPOS CON CARGO AO PROGRAMA "PONTEGAL" 2023 (Exped. 2022065845)

A presidencia informa sobre as bases de solicitudes de actuacións de grupos con cargo ao Programa "Pontegal" 2023 que se aprobaron na Xunta de Goberno de 24 de novembro de 2022 e saíron publicadas no BOPPO núm. 234 de 9 de decembro de 2022. O importe que se destina a este programa é de 800.000,00 € que se financiarán con cargo á aplicación 23/330.3340.226.29 do orzamento provincial.

As entidades solicitantes de actuacións con cargo a este programa poderán ser as agrupacións e asociacións sen fins de lucro da provincia de Pontevedra e as entidades locais menores.

O prazo de presentación de solicitudes de actuacións comezou a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

As solicitudes deberán presentarse cunha antelación de máis de 15 días naturais con respecto á data de realización da actuación.



3.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR PARA APROBAR UNHA LIÑA DE AXUDAS PARA VESTIARIO E INSTRUMENTOS DAS ASOCIACIÓNS CULTURAIAS DA PROVINCIA (Exped. 2022073756)

A presidencia informa sobre a moción presentada polo grupo provincial do Partido Popular para aprobar unha liña de axudas para vestiario e instrumentos das asociacións culturais da provincia.

Non hai intervencións acerca de dita moción e sometida a votación faino a favor o grupo provincial do Partido Popular e en contra os grupos do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego.

ROGOS E PREGUNTAS

Non se produciron.

E non habendo mais asuntos que tratar e sendo as 12,30 horas do mencionado día, dáse por concluída a reunión do que eu Secretario dou fe.

